



CD 2  Tema 14

«Samba prá mocidade»

CORO UNIVERSITARIO GALEGO DE BARCELONA, Porgaleuzca, Master Records, Madrid, 1996, Ref.: SGAE*MR-1100-C, D.L.: B-2284/96. Musicado por Bibiano Morón. Versión coral e dirección: César del Caño. [CD]

Do libro *Viaxe ao país dos ananos*.

Título orixinal do poema «Pra mocidade».

As cancións de Voces Ceibes –sons contestatarios do 68 compostelán– transformáronse ben axiña en alicerces da nova música galega. E algunhas destas melodías, grazas a ese proceso de recreación constante que chamamos cultura, mesmo chegaron a acadar co paso do tempo unha versión coral. Foi no ano 96, co disco *Porgaleuzca*, do Coro Universitario Galego de Barcelona, iniciativa que impulsou César del Caño que era daquela o director do coro.

O traballo deste músico e tamén o de Jei Noguerol ou o do propio Miro Casabella –nas orixes de Voces Ceibes– converte a Barcelona nun dos epicentros de creatividade da música galega. Ademais do seu labor no eido da polifonía, César del Caño editou no ano 94 o CD *Expreso Estrella*. A súa relación coa obra de Celso Emilio vén de lonxe. Xa no 89 gravou, tamén en Barcelona, unha versión de «Neno orfo con cabalos ao fondo» para o disco de homenaxe ao poeta que editou ese ano Sons Galiza.

Porgaleuzca é unha homenaxe do Coro Universitario Galego de Barcelona á música de autor de Euskadi, Cataluña e Portugal e especialmente ao repertorio de Voces Ceibes. No disco aparecen versións polifónicas de Bibiano, Benedicto, Guillermo Rojo, Xavier del Valle, Xerardo Moscoso, Vicente Araguas e Miro Casabella, novamente harmonizadas por César del Caño.

Na súa versión, Bibiano Morón levaba á primeira persoa do plural o poema de Celso Emilio «Pra mocidade», do libro *Viaxe ao país dos ananos*. Deste xeito o que en principio era un consello queda transformado nun verdadeiro manifesto colectivo. En consecuencia na adaptación desaparecen os dous primeiros versos do poema orixinal:

«Tedes que alcender un facho
De baril inconformismo.»

E os «Non, non, diredes decote... diredes arreo... debes decir...», convértense en «Non, non, diremos decote... diremos arreo... debemos dicir...».

Tendes que alcender un facho
de baril inconformismo.
Non, non, diremos que non
aos profesores de mitos,
que queren de contrabando
pasar falsos paraísos.

Non, non, diremos que non
aos que van no seu machiño
cabalgando moi contentes
entre nubes de outimismo.

Non, non, debemos dicir
aos que menten por oficio.

A verdá, soio a verdá
da terra na que vivimos,
da terra na que nacimos.
labrada en berros de lume,
nacida en berce cativo.

A verdá, soio a verdá
da terra na que nascimos.